



# Somos mozos e queremos coñecer a India

Guía didáctica para alumnado e  
profesorado de secundaria





Somos mozos e queremos coñecer a India

# Contido

<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>Quen somos.....</b>	<b>3</b>
<b>Onde actuamos .....</b>	<b>3</b>
<b>Como traballamos.....</b>	<b>3</b>
<b>O ESTADO DE ANDHRA PRADESH.....</b>	<b>4</b>
<b>Clima de Andhra Pradesh .....</b>	<b>4</b>
<b>Economía e recursos .....</b>	<b>5</b>
<b>Sociedade .....</b>	<b>5</b>
<b>ACTIVIDADES .....</b>	<b>7</b>
<b>ACTIVIDADE 1 .....</b>	<b>7</b>
<b>ACTIVIDADE 2 .....</b>	<b>8</b>
<b>ACTIVIDADE 3 .....</b>	<b>10</b>



Somos mozos e queremos coñecer a India

# INTRODUCCIÓN

3

## Quen somos

A Fundación Vicente Ferrer é unha organización que achega solucións a longo prazo para contribuír a erradicar a pobreza extrema na India rural, mediante un programa de desenvolvemento integral que loita contra a desertización, fomenta a produción agrícola, o acceso á sanidade, á educación e á vivenda, e presta unha atención especial ás mulleres e ás persoas con discapacidade. Creada por Vicente e Anna Ferrer en 1969, a Fundación ten un compromiso de loita a favor das persoas máis desfavorecidas e excluídas dentro do sistema de castas hindú: *dálits* (antes chamados «intocables» de forma pexorativa), grupos tribais e *backward castes* ou castas desfavorecidas.

## Onde actuamos

A Fundación traballa no estado de Andhra Pradesh, no sur do país, unha zona cunha economía baseada na agricultura e cunha alta poboación campesiña. unha rexión moi tradicional e cun sistema de castas moi arraigado. As castas máis baixas son as que rexistran maiores índices de pobreza.

## Como traballamos

A Fundación Vicente Ferrer traballa para erradicar a pobreza extrema que sofren as comunidades máis desfavorecidas. A propia comunidade participa activamente no cambio, definindo as necesidades que hai que cubrir para fomentar o desenvolvemento sostible da rexión. Estas necesidades materialízanse en proxectos financiados grazas ás contribucións de persoas, empresas e administracións públicas.

O programa de desenvolvemento integral da FVF inclúe proxectos como a creación de escolas complementarias ou de reforzo, escolas de verán, bolsas a estudantes de secundaria, apoio ás infraestruturas de escolas do Goberno, rede de saúde comunitaria rural, programas de nutrición, hospitais, campañas de prevención e vacinación, programas de reforestación, asociacións de mulleres e de persoas con discapacidade, construción de casas e moitas accións máis.





Somos mozos e queremos coñecer a India

4

## O ESTADO DE ANDHRA PRADESH

A India é un país de gran extensión (o sétimo do mundo) situado no sur de Asia. Debido ao seu gran tamaño considérase un subcontinente e a súa superficie é de 3.287.260 km<sup>2</sup>, seis veces máis que España. Ten unha poboación de máis de 1.200 millóns de habitantes, o que o converte no segundo país máis poboado do planeta, só por detrás de China. Conta con dúas linguas oficiais, o hindi e o inglés, e outras 20 linguas co-oficiais que se falan nos distintos estados do país. Territorialmente a India divídese en 28 estados. A relixión maioritaria é o hinduísmo, que é a terceira relixión máis practicada do mundo, despois do cristianismo e do islam. O 81% da poboación india, máis de 900 millóns de persoas (é dicir, 19 veces a poboación española), é hinduísta.

O estado de Andhra Pradesh sitúase ao sur do país. A súa superficie é aproximadamente a metade da española e ten 75 millóns de habitantes. A súa lingua co-oficial é o Telugu, a decimoquinta lingua máis falada do planeta.

### Clima de Andhra Pradesh

Con algunhas variacións en función de se estamos ao norte ou ao sur da rexión, o clima de Andhra Pradesh é semiárido, o que significa que chove poucos meses ao ano e de forma esporádica e localizada. É o segundo estado máis árido da India, o que implica problemas de seca e de desertificación do solo. Esta característica repercute na agricultura, que é a principal actividade da poboación da rexión.

A diferenza do que sucede en España, o ano divídese en dous grandes períodos: a estación seca e a estación de chuvias, que se dá principalmente entre xuño e setembro. Durante eses meses sucede o fenómeno do Monzón, un forte vento que trae chuvias torrenciais que con frecuencia provoca graves inundacións.





Somos mozos e queremos coñecer a India

### Economía e recursos

A influencia do clima na economía da poboación de Andhra Pradesh é capital, xa que aproximadamente o 70% das familias da rexión vive da **agricultura** como primeira actividade. Tanto as secas como as inundacións inflúen negativamente nas colleitas e na calidade do solo. O principal cultivo é o do **cacahuete**, que é un produto moi utilizado na gastronomía e na vida diaria na India, aínda que o seu escaso prezo fai que sexa difícil vivir só do seu cultivo. Dende a Fundación Vicente Ferrer estase potenciando a diversificación dos cultivos con novas especies que tamén se adapten ao clima da rexión. Nos últimos anos introducíronse cultivos de curto, medio e longo prazo, como tomates, bananas ou mangos para evitar o empobrecemento do solo e aumentar a produtividade.

Á parte da agricultura, hai outros traballos e actividades que se realizan na rexión para gañarse a vida. Moitas das familias campesiñas tamén son **comerciantes** e venden os seus produtos agrícolas, os derivados da gandaría ou artesanías nos mercados. Tamén moitas persoas traballan na **construción**, tanto na empresa privada como, sobre todo, en proxectos estatais de creación de estradas ou edificios.



### Sociedade

Segundo a tradición hinduísta, cada persoa pertence á mesma casta da familia na que nace. O sistema de castas é unha división social segundo a que cada membro dunha casta debe seguir unhas normas de comportamento concretas, ten unha función determinada na sociedade e só pode exercer algunhas profesións. As persoas pertencen á mesma casta durante toda a súa vida e non poden casar con membros de outras castas. As castas diví-




## Somos mozos e queremos coñecer a India

6

dense en *brahamans* (sacerdotes), *chátriyas* (nobres e guerreiros), *vaishyas* (comerciantes) e *shudras* (campesiñado, artesáns e obreiros).

En Andhra Pradesh o sistema de castas tradicional está moi arraigado aínda e as castas máis desfavorecidas e as persoas que están fóra do sistema de castas sofren frecuentes discriminacións e teñen dificultades para acceder á educación e a traballos dignos.

A Fundación Vicente Ferrer traballa particularmente coas persoas dálit (fóra do sistema de castas e que historicamente tiveron que facer os traballos máis marxinais e servís) e coas *backward castes* (as castas desfavorecidas que traballan como xornaleiros escasamente remunerados e de maneira irregular). Así mesmo trabállase cos grupos tribais, xente moi humilde en condicións de marxinalidade e pobreza. Os maiores índices de pobreza en Andhra Pradesh rexístranse entre as tribus *chenchu*, que ocupan os bosques centrais do estado.





Somos mozos e queremos coñecer a India

# ACTIVIDADES

7

## ACTIVIDADE 1

### Obxectivos:

- Coñecer a fondo a realidade da India en xeral e do estado de Pradesh en particular.
- Achegar ao alumnado unha realidade cultural, política, económica e social afastada.
- Completar a información sobre a rexión ofrecida na guía didáctica.

### Introdución:

Nas páxinas anteriores fixemos un breve repaso das cuestións máis relevantes sobre o estado de Andhra Pradesh, o lugar onde traballa a Fundación Vicente Ferrer, pero non foi máis que unha aproximación a un lugar complexo e cheo de matices que non poden resumirse nunhas poucas follas.

Por iso imos completar a información sobre esta rexión do sur da India e a encher os ocos que faltan facendo un traballo de investigación por grupos, para coñecer en profundidade todo sobre a xeografía, o clima, a economía, a educación, a sociedade, a cultura e as tradicións desta zona da India.

### Desenvolvemento:

O alumnado dividirse por grupos ao inicio da actividade. O que se expón é unha actividade de investigación clásica, onde cada grupo utilizará todos os recursos ao seu alcance para desenvolver un dos temas formulados: bibliografía, bibliotecas, recursos de Internet, etc.

Cada grupo terá un tempo determinado polo docente para completar a tarefa de investigación. Ao final desta investigación, cada grupo exporá os resultados ao resto do alumnado en público. Para iso pode servirse de transparencias, presentacións no ordenador, material audiovisual, textos de apoio... A suma de todo o material investigado configurará unha guía completa de Andhra Pradesh que será compartida por toda a clase.

### Temas de Investigación:

O alumnado desenvolverá a totalidade ou parte dun destes temas:

#### Medio natural

- *O clima da India*: Diferenzas climáticas nas rexións da India. O clima en Andhra Pradesh. O fenómeno do monzón. A seca e as inundacións.
- *Flora e Fauna*: Vexetación de Andhra Pradesh. Fauna e gandaría. Reforestación.
- *Xeografía física*: Principais accidentes xeográficos da India. Xeografía física de Andhra Pradesh.

#### Política e historia

- *Sistema político da India*: División territorial da India. Sistema político da India e de Andhra Pradesh.
- *Historia recente*: A independencia da India. Pais da patria. Gandhi. Política na India dende a Independencia.
- *Historia*: Orixe da India. Civilizacións que pasaron pola India. A colonización británica.

#### Economía

- *Economía*: Sistema económico da India. Importacións e exportacións. Sector servizos. Produción e economía en Andhra Pradesh. Industria. Agricultura.



Somos mozos e queremos coñecer a India

### Sociedade

- *Relixión:* Hinduísmo. Principais deuses e deusas hinduístas. Deidades de Andhra Pradesh. Ceremonias hinduístas. Outras relixiónes na India.
- *Castas:* Sistema de castas. División social. Dereitos e obrigas de cada casta. Grupos tribais. Dálits. Backward castes ou castas desfavorecidas.
- *Tradicións:* Celebracións civís. Celebracións relixiosas. Matrimonios concertados. Cerimonia do matrimonio hinduísta.
- *Cultura:* Literatura. Arte. O cine de Bollywood. Deportes e xogos típicos da India (críquet, hóckey, kho kho...)

Tamén se poderá desenvolver calquera tema suxerido polo profesorado ou polo alumnado que poida completar calquera información sobre a India e Andhra Pradesh.

### ACTIVIDADE 2

#### Objectivos:

- Concienciar o alumnado sobre a situación dos dereitos humanos que se dá nalgúns sectores da poboación na India e en particular en Andhra Pradesh.
- Coñecer cales son os dereitos humanos das persoas e os mecanismos internacionais de protección.
- Profundar na lexislación india e nos acordos internacionais que protexen os dereitos humanos.

#### Introdución:

A constitución e as leis da India recoñecen a igualdade de todas as persoas, o dereito á educación a nenos e nenas menores de 14 anos, o dereito á vivenda, a protección especial das persoas con discapacidades e a igualdade entre homes e mulleres. Non obstante, a realidade non sempre é esa: en zonas tradicionais e esencialmente rurais como Andhra Pradesh estes dereitos vulneráanse constantemente e moitas persoas sofren desigualdades e discriminacións pola súa condición social, física ou polo seu sexo.

#### Desenvolvemento :

Nesta actividade os alumnos e alumnas converteranse en membros do Alto Comisionado das Nacións Unidas, destinado a investigar o cumprimento dos dereitos humanos e civís. Para iso exponerse algúns casos de persoas que sofren algún tipo de discriminación en Andhra Pradesh, e o alumnado, dividido por grupos, deberá estudar os ditos casos, investigar cal é a lexislación internacional e nacional vixente que se refire aos dereitos destas persoas e emitir un informe sobre que dereitos se están violando e que leis se deberían aplicar ao respecto para corrixir estas vulneracións.

#### Materiais:

O profesorado deberá consultar a información sobre os **Acordos Internacionais e a lexislación da India**, dirixidos a promover e protexer os dereitos humanos, en particular nestes sectores: muller, educación, infancia, saúde, vivenda e persoas con discapacidade.





Somos mozos e queremos coñecer a India

## Fichas:

### Ficha 1: Dilsha

- Muller, 15 anos. Vive en Yallapalli, pequena vila de Andhra Pradesh.
- Filla de campesiños, os seus pais concertaron o seu matrimonio cun curmán de 19 anos, carpinteiro dunha vila veciña. Deixará de estudar.
- Os pais conseguiron concertar o matrimonio a cambio dun dote dun brazaletes de ouro e de custear os gastos da voda.
- Ela di: «Eles teñen medo de deixarme soa na casa. Queren casarme aos 15 anos porque temen aos homes da vila».

### Ficha 2: Satnam

- Home, 41 anos. Vive nunha pequena aldea do distrito de Anantapur. Campesiño. É un dálit, un «intocable», está fóra do sistema de castas.
- Traballa para un home rico por moi poucos cartos para poder pagarlle un préstamo que lle pediu para a voda da súa filla.
- O seu fillo menor, de 11 anos, está no último curso de primaria. O ano que vén tería que comezar secundaria, pero Satnam non sabe se poderá custear os seus estudos.
- El di: «Vivo da agricultura e non sempre gaño cartos abondos. Creo que sería mellor que o meu fillo se puxese

### Ficha 3: Kavita

- Muller, 16 anos. Vive nunha aldea preto de Nandiala. Filla de campesiños e pequenos mercaderes.
- Xorda, non vai á escola e apenas sae da casa, é analfabeta. Dedicase a coidar do fogar e dos seus irmáns pequenos.
- O seu pai di: «É unha filla moi boa e agarimosa cos seus irmáns, non sei que fariamos sen ela. Pero co seu defecto non pode facer nada aí fóra e será case imposible casala».

### Ficha 4: Anil

- Varón, 5 anos. Os seus pais morreron a causa do VIH pouco despois de que nacera el. Vive cunha tía anciá, porque ninguén máis da súa familia quixo ocuparse del.
- A súa tía di: «Cústame moito levalo ao hospital e coidar del, xa que realmente teño moi poucos medios para sobrevivir, porque son viúva...»



Somos mozos e queremos coñecer a India

### ACTIVIDADE 3

#### Obxectivos:

- Presentar de forma ordenada os coñecementos e a asimilación da realidade de Andhra Pradesh que se aprenderon. Presentar unha imaxe global de Andhra Pradesh, cos seus problemas, os seus aspectos positivos e a súa diversidade cultural.

#### Introdución:

É o momento de poñer en orde todo o aprendido para poder expoñer unha visión global e completa de como é a realidade na India rural. Para iso imos repasar todos os aspectos relacionados coa vida en Andhra Pradesh e a construír un traballo final entre toda a clase que sirva de conclusión de todo o traballo que realizamos ata agora.

#### Desenvolvemento:

Entre toda a clase vaise construír un **suplemento xornalístico**. Un suplemento é un caderniño que se inclúe nalgúns xornais como contido extra onde se abordan todos os aspectos dun tema concreto: saúde, informática, un evento deportivo, un acontecemento cultural... Nesta actividade propónse elaborar un suplemento sobre a India rural e a Fundación Vicente Ferrer.

O alumnado dividírase por grupos e cada un deles abordará algún destes aspectos sobre este tema:

- *Recursos naturais*
- *Desigualdades sociais*
- *Economía*
- *Relixión*
- *Proxectos da Fundación Vicente Ferrer*
- *Cultura e tradicións*
- *Etc.*

Un suplemento xornalístico conta case sempre cos seguintes apartados:

- *Editorial*: Presentación do suplemento onde se explica por que se abordou ese traballo xornalístico, que poderemos atopar nel e que liña vai seguir o seu contido.
- *Reportaxe*: Entre tres e cinco páxinas explicando un tema en profundidade, con antecedentes históricos e situación actual. Algúns exemplos de reportaxes: cultivos (pobreza do solo e reforestación); o problema da auga e a seca; as escolas complementarias da Fundación Vicente Ferrer; a muller na India rural; as celebracións relixiosas, etc.
- *Perfil*: Unha ou dúas páxinas dedicadas a describir e analizar a figura dunha personalidade importante ou dunha persoa representativa dun colectivo. Algúns exemplos son un político, un responsable dunha área social, un membro dunha comunidade tribal, un dólit, un sacerdote...
- *Noticias*: Tres ou catro noticias dunha páxina describindo un feito concreto que acontecera recentemente na zona investigada. Debe contar cun titular, un subtítulo, unha entrada de tres ou catro liñas e finalmente o corpo da noticia. Exemplos: «Finaliza a



## Somos mozos e queremos coñecer a India

construción dun encoro», «Comeza a Festividade do Pongal», «Inaugurada a nova escola profesional da Fundación Vicente Ferrer», etc.

- *Columnas de opinión:* Un ou dous textos dunha páxina na que un ou varios autores ou autoras emiten un xuízo de valor sobre un tema concreto. As columnas van sempre asinadas. Algúns exemplos sobre os que se pode escribir opinión: a tradición do dote; o sistema de castas; a situación dos dálits, etc.
- *Informe:* Dúas páxinas nas que se analizan datos dunha enquisa ou estatísticas. Interpretáanse os datos e sácanse conclusións. Algúns exemplos de temas para facer un informe: comparación de soldos entre homes e mulleres; número de nenos e nenas sen escolarizar; idade media dos matrimonios, etc.
- *Reportaxe fotográfica:* Colección de fotografías ordenadas sobre un mesmo tema cun pequeno texto explicativo a modo de pé de foto de cada unha delas. Algúns exemplos: festividades relixiosas; a paisaxe de Andhra Pradesh; as escolas de primaria; unha cociña típica, etc.
- *Outros:* Os suplementos moitas veces contan con outras seccións como caricaturas e viñetas gráficas, crítica de cine ou comentario de deporte, recensións de música ou de textos, etc.

O alumnado deberá utilizar os coñecementos que xa adquiriu e consultar en Internet e en hemerotecas e bibliotecas virtuais, con axuda dos materiais que poida proporcionar o profesorado. Ao final do traballo, o suplemento será maquetado polos alumnos e alumnas que tomaran o rol de Dirección.

Como suxestión, se así o cren conveniente docente e alumnado, pode facerse un suplemento dixital ou facer unha versión audiovisual, a modo de documental.



**Elaboración:**

Unidade de Sensibilización da Fundación Vicente Ferrer

**Textos:**

Alberto H.R.

**Ilustracións:**

Sergi Cardó

**Color:**

Mardigan

**Maquetación:**

Rafael Aguilar

**Concepción e Dirección:**

Kidekom